

ACTA DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN, SESIÓN: 24 DE ABRIL DE 2008

Sendo as dez horas do día vinte e catro de abril de dous mil oito, na Sala de Xuntas de Concellaría de Persoal, reúnese a Mesa Xeral de Negociación do Excmo. Concello de A Coruña, asistindo esta,

Por parte da Administración Municipal:

- Dona Obdulia Taboadela Álvarez, Concelleira Delegada de Persoal, como Presidenta.
- Don Juan Manuel Díaz Villoslada, Director de Servizos Xerais, Facenda e Interior.
- Dona Loreto Díaz Sánchez, Xefe de Servizo de Persoal.
- Dña Lorena Abad Carrera, Xefe de Departamento de Xestión de RR.Hh, que actúa como secretario.

Por parte das Seccións Sindicais comparecen:

- Dona Mariña Lorenzo Fernández (CC.OO.)
- Don Manuel Aceña Liste (CSI-CSIF)
- Don Roberto Tizón Miguéns (CIG)
- Don Javier Sobrino Viqueira (UGT)

Como asesores das Seccións Sindicais:

- Don Alfonso Ben Otero (CC.OO.)
- Don Andrés Otero Cerveró (CSI-CSIF)
- Don Javier Hermida Gayubas
- D. Gabriel Rodríguez Gutierrez (CIG)
- Don Carlos Silva Perez (UGT)
- Don José Ángel Varela Moure (UGT)

Por parte da Sra. Presidenta declárase aberta a sesión.

A orde do día da presente sesión é o seguinte:

- Lectura e aprobación das actas das sesións anteriores, se procede
 - Revisión do Acordo Regulador
 - Bases para a convocatoria do concurso para a provisión de postos de traballo.
 - Sistema de Desenvolvemento Profesional e Avaliación do Desempeño
 - Rogos e preguntas.
- En primeiro lugar, éntrese no punto da orde do día relativo á revisión do Acordo Regulador. Por parte da Sra. Presidenta, propónse a formación dunha Mesa Técnica para a revisión e exame de propostas sobre o Acordo Regulador. O representante da CIG manifesta que unha Mesa Técnica non é o medio mais adecuado para tratar este tema, debería discutirse no ámbito da Mesa de Negociación. Por iso, propón que se presenten propostas sindicais, ben de forma separada ou ben de forma conxunta, para o seu estudio e deliberación na Mesa Xeral de Negociación. Por parte da Sra. Presidenta acéptase a proposta e solicita os representantes sindicais que antes da próxima Mesa, que se celebrará o xoves 8 de maio de 2008, ás trece horas, presenten as propostas para poder examinalas e discutilas na devandita mesa.
- A Sra. Presidenta acorda pasar o seguinte punto da orde do día relativo ás bases para a convocatoria do concurso para a provisión de postos de traballo. Faise entrega neste momento dun exemplar das bases a cada sección sindical. Dña Loreto Díaz procede a explicar as bases, advertindo que non se acompaña neste momento a relación de postos vacantes existentes, xa que se están a preparar as adscricións a postos de traballo derivadas da entrada en vigor da nova RPT e que mentres non estean feitas, se descoñecen as vacantes. Na próxima mesa, espera poder entregar este listado. Tras unha serie de deliberacións de diversos puntos das bases, Dña Obdulia Taboadela solicita os representantes sindicais que estuden o documento e que presenten alegacións antes da próxima Mesa, para poder elaborar un documento de consenso e así poñer en marcha o concurso.

- ❑ Seguidamente, a Presidenta acorda pasar ao seguinte punto da orde do día, relativo ao Sistema de Desenvolvemento Profesional e Avaliación do Desempeño. Por parte da Sra. Presidenta expónse a necesidade de poñerse a traballar neste tema e propón a creación dunha mesa técnica, solicitando dos sindicatos que, antes da mesa do día 8 de maio, cada un deles designe un representante para participar na mesa técnica, sinalándose despois o calendario a seguir.
- ❑ A Sra. Presidenta acorda pasar a Rogos e Preguntas.

O representante da CIG pregunta se se están a facer recoñecementos médicos aos contratados, manifestando a tardanza en realizar eses recoñecementos está a provocar atrasos na incorporación das persoas chamadas aos postos de traballo obxecto do contrato. Dña Obdulia Taboadela contéstalle que se falará coa Mutua para poder axilizalos.

O representante de CSI-CSIF solicita que se adiante a negociación do tema da produtividade xa que lle consta que se están a pagar algúns servizos extraordinarios con este concepto. Non se están a publicar as productividades, debendo ser un tema transparente e que urxe solucionar.

O representante da CIG fai referencia aos servizos extraordinarios que esta realizando o Axudante de Espectáculos Deportivos, xa que para facer as montaxes de espectáculos ten que traballar a fin de semana. Este representante recorda que era un posto, xunto con outros, aos que ou ben correspondialles o concepto de Especial Dedicación ou ben habería que contratar outra persoa para alternarse.

O asesor de UGT fai referencia aos servizos extraordinarios de talleres, no sentido de que non ha todo o mundo adscrito ao devandito departamento dáselle opción de facelos. Dña Obdulia Taboadela contéstalle que xa no seu momento falouse coa Xefatura de servizo para que todo aquel que quixese facer servizos extraordinarios se apuntase nunha lista e así todos puidesen participar. Así mesmo, a Sra. Presidenta explica que non todo o mundo se apunta a esa lista.

Os representantes de UGT e CC.OO recorda o abono de trienios aos laborais temporais contratados polo Concello.

Por parte do asesor de UGT, fórmulanse dúas cuestións:

- Que as comunicacións que se fagan á Xunta de Persoal, tamén realícense as seccións sindicais.
- Retribucións dos suboficiais da Policía Local, que manifestan que están a perder diñeiro.

Respecto ao último punto, D. Juan Manuel Díaz Villoslada contesta que habería que ver a proporcionalidade das retribucións con respecto aos sarxentos. Por iso, estudarase a forma de equiparalos aos policías, cabos e sarxentos.

O representante da CIG formula as seguintes cuestións:

- recorda que na anterior mesa se solicitou información sobre os Convenios asinados con Inditex e Air Liquide e pregunta se se ha traido esa información. D. Juan Manuel Díaz Villoslada contéstalle que non pero que se pedirá a información ao Área de Seguridade Cidadana.
- en relación ao acordo de formación dos bombeiros, manifesta que non se aceptan a distinción de 1 hora e media para a formación e de 2 horas para o caso da substitución, nin tampouco as 18 horas para o caso da pasa a noite. Todo iso foi confirmado pola asemblea.

Dña Obdulia Taboadela descúlpase en primeiro lugar polo esquecemento en remitir a información solicitada sobre os convenios. En segundo lugar, en relación ao acordo de formación de bombeiros, reitera a proposta municipal de 1 hora e media para a formación e de 2 horas para o caso da substitución, considerando que a formación é un dereito que se incorpora á carreira administrativa do

funcionario e polo tanto, está ben pagado aboar hora e media para o caso de formación. Insiste en que a proposta municipal é unha boa proposta.

A representante de CC.OO formula diversas cuestións:

- pregunta cando se vai levar a cabo a funcionarización, xa que esta cuestión vén do Acordo asinado por todas as seccións sindicais no ano 2002 e que espera que se realice antes que un novo proceso de estabilización. D. Juan Manuel Díaz Villoslada contéstalle que a funcionarización xa está recollida na Oferta de Emprego Público de 2007.
- En relación ás funcións de DEAMOS, expón que as devanditas funcións non coinciden coas que aparecen nas Normas de Xestión da RPT. D. Juan Manuel Díaz Villoslada contéstalle que as funcións das Normas de Xestión son as funcións xenéricas referentes a prazas de Administración Xeral.
- Formula o tema dos axentes de recadación que non cobran Atención ao Público, cando os notificadores e os axentes de campo si que o cobran. Cando a devandita representante formulo este concepto para os axentes de campo cría que se refería aos axentes de recadación. Dña Obdulia Taboadela contéstalle que se estudará o tema.

O representante de CSI-CSIF pregunta se saíu a concurso a contratación do servizo de salvamento de praias e por que se ha externalizado ese servizo. Dona Obdulia Taboadela contéstalle que o prego de contratación está suficientemente motivado para garantir a prestación do servizo.

D. Juan Manuel Díaz Villoslada pregunta aos representantes da CIG sobre o desestímulo do seu recurso contencioso-administrativo contra a Relación de Postos de Traballo de 2006. D. Roberto Tizón contéstalle que non hai ningún problema.

Non habendo mais asuntos que tratar, sendo as once horas e corenta e cinco minutos, pola Sra. Presidenta levántase a sesión, da que eu, secretario, dou fe.